

CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)

Estrada da Coruña, 12, 15165. Teléfono 981 79 12 52 Fax 981 79 42 33

BANDO

Comunicamos que en breve, por parte dos Servizos Municipais de Urbanismo, efectuaranse inspeccións as empresas que realizan as súas actividades dentro do municipio de Bergondo. Para iso deberán facilitar os datos que lles sexan requeridos pola Policía Local e amosar o cartel indicativo expedido polo concello de estar en posesión da licenza de actividade e apertura correspondente á actividade económica que estén desenvolvendo, no caso de non dispoñer da mesma, copia da notificación da licenza de actividade.

Lembramoslles, que na normativa reguladora da materia (Decreto 2414/1961, de 30 de novembro (RAMINP) e o actual Decreto 133/2008, de 12 de xuño, de Avaliación de Incidencia Ambiental) ten carácter obrigatorio polo que todo empresario que desexe levar a cabo unha actividade comercial e/ ou empresarial debe estar en posesión da correspondente licenza, non podendo exercer a actividade de tipo alguno sen os permisos oportunos.

Así mesmo, informamoslles que nas actividades de nova implantación, con carácter previo o inicio das mesmas, deberán solicitar a tramitación da licenza, e aquelas outras que xa a viñan desenvolvendo a mesma conforme á normativa e nas que se producen un cambio de titular da explotación, deben solicitar a transmisión a nome do titular actual.

Para calquer consulta ou aclaración, poden poñerse en contacto co Concello de Bergondo, departamento de Aperturas no teléfono 981 79 12 52 Ext. 2.

Sen outro particular, reciban un cordial saúdo

Bergondo, 4 de febreiro de 2010

A Alcaldesa

Asdo: Alejandra Pérez Máquez